

Josep M. Fonalleras

A tradición como contemplación

Da tradición como *corsé* á tradición como reclamo turístico. A tradición desprovista de transcendencia convértese en liturxia, e a liturxia sen latexo convértese en arqueoloxía, nun fito de excursión organizada.

A tradición *corsé*, entendida tamén coma unha proposta de quietude, de contemplación, que non implica de preciso inmovilidade senón consciencia de pertencer a unha cultura, implica eloxio e necesidade do vencello coa historia: unha tradición se cadra desprovista de rigor, esquelética, que sobrevive como perfume, coma percepción íntima do momento no que foi presenza, coa teima de non ser reducida á débil memoria dos etruscos dos que coñecemos só as enredadeiras nas laxes das sepulturas.

«*Disidere*» inclúe un contrario, negación («dis») e unha inmovilidade («*sedere*», sentar, parar). É dicir, a negación da quietude.

Disentir, ser un disidente, implica, xa que logo, moverse, mudar de sitio, transportarse. Para manterse despois alá mesmo? Para non ter nunca acougo?

En troques, teño para min, que a tradición non é sempre mobilidade, e polo tanto non podemos falar sempre da disidencia como contrario daquilo que non é. Tradición pode ser quietude que non é un concepto idéntico ao de inmóbil. Eu proponho mudar a perspectiva. O inmóbil senta na cadeira e desde ela pontifica. Quen contempla precisa alongarse da sede, *descadeirarse*, e, dende outra atalaia, precisa observar para dicir. Cultura, vencello, memoria.

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz

Tradició com a contemplació

De la tradició com a cotilla a la tradició com a reclam turístico. La tradició, desproveïda de transcendència esdevé litúrgia, i la litúrgia, sense batec, es converteix en arqueologia, en una fita d'excursió organitzada.

La tradició cotilla, entesa també com a proposta de quietud, de contemplació, que no implica necessàriament immobilitat sinó consciència de pertànyer a una cultura, elogi i necessitat del lligam amb la història: una tradició potser desproveïda del rigor, esquelètica, que sobreviu com a perfum, com a percepció íntima del moment en què va ser presència, maldant per no ser reduïda a la feble memòria dels etruscs, de qui només en coneixem les hores de les lloses de les tombes.

«*Dissidere*» inclou un contrari, una negació («dis») i una immobilitat («*sedere*», seure, aturar-se). És a dir, la negació de la quietud. Dissentir, ser un dissident, implica, doncs, moure's, canviar de lloc, transportar-se. Per mantenir-se, després, allà mateix? Per no parar mai quiet?

Mantinc, en canvi, que la tradició no sempre és immobilitat, i, en conseqüència, no sempre es pot parlar de la dissidència com a contrari d'allò que no és. Tradició pot ser quietud, que no és un concepte idéntic al d'immòbil. Plantejo un canvi de perspectiva. L'immòbil seu a la cadira i, des d'allà, pontifica. Qui contempla necessita allunyar-se de la seu, desencadirar-se, i, des d'un altra talaia, observar per dir. Cultura, lligam, memòria.